

III PROBA DE ORIENTACIÓN-PRECISIÓN

Esta é a terceira proba de Orientación de Precisión que se desenvolve en Galicia co obxectivo de dar a coñecer este deporte. Ten a particularidade de ser un deporte no que poden participar persoas con e sen mobilidade reducida en igualdade de condicións xa que o tempo empregado nos desprazamentos non conta.


Orientación de precisión Cronometrada (adiante o-PreCro) pode ser considerado a versión "Sprint" da Orientación de Precisión "clásica" (en adelante denominado O-Precisión). A forma "clásica" pon a proba as habilidades na lectura do plano e interpretación terreo, requirindo que os competidores vexan, dende o camiño, un número variable de balizas arredor dos elementos característicos d terreo.

A tarefa é decidir cal baliza, concorda co centro do círculo do mapa e a descrición do elemento característico onde se atopa. A parte principal dunha carreira de O-Pre non é competitivamente cronometrada e os participantes son clasificados conforme ao número de respostas acertadas obtidas. A fin de separar aqueles con igual puntuación, son colocados un ou máis controles cronometrados especiais, nos cales se rexistra a velocidade de resposta.

O formato "Sprint" de O-PreCro é unha evolución do concepto control cronometrado. Unha proba de O-PreCro consta dun número de estacións (puntos de decisión no camiño), dende as cales poden ser vistos grupos de balizas. En cada estación os competidores reciben un xogo de mapas, onde cada un de eles amosa un círculo de control e unha descrición diferente. Se rexistran as respostas, nunha orde de secuencia, e o tempo total entre a entrega do mapa e a última resposta.

O-PreCro presenta un considerable desafío intelectual, onde os competidores teñen que facer probas de decisión técnicas, no menor tempo posible.

Un exemplo dunha estación de O-PreCro: Hai cinco balizas: dende a esquerda, Alfa, Bravo, Charlie, Delta, Eco. Hai tres mapas. O seu tempo comeza ¡Agora!



Soluciones: D – A - Z

SISTEMA DE XESTIÓN

Empregarase o sistema de control sportident polo que é necesario levar pinza electrónica para rexistrar a baliza correcta.

ZONA DE SAÍDA E META



INFORMACIÓN TÉCNICA

- Número de estacións: Consta de 4 estacións (puntos de decisión) dende os que se poden ver grupos de 5 balizas. Cada estación terá tres desafíos (controis).
- Categoría: Unha única categoría
- Última saída:
- Tipo de terreo: Camiño asfaltado e sen desnivel moi fácil para desprazarse. No terreo do mapa atoparemos árbores, arbustos e campo aberto.
- Tempo máximo por estación: 90 segundos (para resolver os tres desafíos de cada estación)

DINÁMICA DA PROBA

Na zona de saída esperan, en silencio, os participantes. Haberá unha persoa encargada de dar paso a cada participante. O intervalo de tempo entre cada competidor/a dependerá do que tarde cada participante. Aproximadamente será de 3 minutos.

En cada punto de decisión atoparedes unha silla e unha mesa. Sobre a mesa 5 estacións sportident nomeadas coas letras A, B, C, D, E e unha estación de arranque da cronometraxe.

Chegades á primeira estación. Se vos entrega o mapa co primeiro control, momento no que empeza a contar o tempo marcando coa pinza electrónica na estación de arranque. Unha vez que teñades a resposta marcaredes coa pinza electrónica na base sportident que teña a letra que se corresponde coa vosa decisión.

Non é posible rectificar e sempre haberá unha resposta correcta.

Se vos entrega o seguinte mapa e facemos o mesmo proceso: marcar na base de arranque e marcar a resposta. Facemos o mesmo co terceiro control. Tedes 90 segundos para responder aos tres desafíos. Se vos avisará cando queden 10 segundos para finalizar o tempo.

Pasamos á seguinte estación realizando a mesma dinámica. Despois á terceira estación e por último á cuarta estación.

Imos á meta a descargar os resultados. Todos os corredores e corredoras estarán obrigados/as a pasar pola meta.

A proba desenvolverase en silencio, con respecto polo medio e polo resto de participantes, sendo obrigatorio a asistencia a todo corredor ou corredora accidentado/a.

INDICACIÓNS CARTOGRÁFICAS

Distancia: 180 metros

- Escala: 1:1.500, equidistancia 2 m.
- ISSOM 2007 aínda que con símbolos ampliados (150%).
- Cartografía: Javier Arufe Varela 2017.
- Trazado: Natalia Teresa Pedre Fernández.

PUNTUACIÓN E PENALIZACIÓN

Aos competidores se lles computa o tempo total, o cal é o tempo total acumulado en todas as estacións máis as penalizacións de tempo polas respostas erróneas. A penalización será de 30 segundos por cada resposta errónea. A persoa gañadora será aquela co menor tempo total unha vez axustado.